

Resolución do 04 de setembro de 2017, da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais”, para traballos de Silvicultura e Sanidade Forestal nos ámbitos de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, pola que se aproba e se fai pública a lista provisional de contratación, se propón ó Director Xerente a lista de contratación, se crea a lista de agarda, e se abre o período de reclamacións.

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais”, para traballos de Silvicultura e Sanidade Forestal nos ámbitos de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

Primeiro.- Incidencias proba teórica.

A Comisión de Selección acorda anular as preguntas nº 4, 32, 33 e 36 da proba teórica (exame tipo test) correspondente á categoría Capataz, celebrada en Santiago de Compostela o pasado 08 de agosto de 2017, pasando polo tanto a puntuar as catro primeiras preguntas de reserva.

Publicar a plantilla de resultados definitiva.

Segundo.- Aprobar e facer pública a lista provisional de contratación.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.2.5 e nas bases específicas II apartado 2.7 que rexen o proceso, acordou aprobar e facer pública a lista provisional de contratación de candidatos por duplicado exemplar, un exemplar no que os candidatos figuran por orde descendente á puntuación obtida tralo baremo de méritos, co D.N.I., apelidos e nome, ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais e puntuación, e outro exemplar no que os candidatos figuran por orde ascendente do D.N.I, apelidos e nome, ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais e puntuación.

Terceiro.- Lista de contratación.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.2.5 e nas bases específicas II apartado 2.7 das que rexen o proceso, propónese ó Director-Xerente a lista de contratación.

Cuarto.- Lista de agarda.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.3 e nas bases específicas II apartado 4, das que rexen o proceso, os candidatos que, superado o proceso selectivo, non fosen contratados, pasarán a formar parte da lista de agarda que se configura cos candidatos non contratados. Dita lista figura publicada coa presente resolución por duplicado exemplar, un exemplar no que os candidatos figuran por orde descendente á puntuación obtida tralo baremo de méritos, co D.N.I., apelidos e nome, ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais e puntuación, e outro exemplar

no que os candidatos figuran por orde ascendente do D.N.I, apelidos e nome, ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais e puntuación.

Quinto.- Reclamacións.

De conformidade co establecido nas bases específicas II apartado 2.8 das que rexen o proceso, os candidatos disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web de SEAGA, para efectuar reclamacións ante o Director-Xerente de SEAGA.

As resolucións do Director-Xerente serán motivadas, se ben a estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderanse implícitas na resolución do Director-Xerente pola que se aproben e se fagan públicas a relación de candidatos e a lista de contratación.

De non haber reclamacións, a relación de candidatos e a lista de contratación enténdense aprobadas definitivamente.

O prazo de presentación de reclamacións remata o **11 de setembro de 2017**

As reclamacións so poderán ser presentadas de luns a xoves en horario de 9:00 h a 14:00 h e de 16:00 h a 18:00 h e os venres de 9:00 h a 14:00 h nas oficinas de rexistro de Seaga sita no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15890 Santiago de Compostela - A Coruña, ou de luns a venres de 9:00 h a 14:00 h nas oficinas de rexistro de Seaga sitas en:

- Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
- Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
- Lgar. Cabanas – Salcedo nº 54, 36143 Pontevedra.
- Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.

As reclamacións que se poidan achegar e/ou efectuar, unha vez rematado o prazo correspondente segundo o disposto nas presentes bases consideraranse, a tódolos efectos, como fóra de prazo, e non serán tidas en consideración no proceso.

A presentación de reclamacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

Santiago de Compostela, a 04 de setembro de 2017.

O Presidente da Comisión de Selección.

Asdo.- Martín Martínez Abal.



**PROBA SELECTIVA NA CATEGORÍA DECAPATAZ
PERFIL PROFESIONAL “TRABALLOS AGROFORESTAIOS”**

FOLLAS DE RESPOSTAS

1 [A] [B] [C] [D]	11 [A] [B] [C] [D]	21 [A] [B] [C] [D]	31 [A] [B] [C] [D]
2 [A] [B] [C] [D]	12 [A] [B] [C] [D]	22 [A] [B] [C] [D]	32 [A] [B] [C] [D]
3 [A] [B] [C] [D]	13 [A] [B] [C] [D]	23 [A] [B] [C] [D]	33 [A] [B] [C] [D]
4 [A] [B] [C] [D]	14 [A] [B] [C] [D]	24 [A] [B] [C] [D]	34 [A] [B] [C] [D]
5 [A] [B] [C] [D]	15 [A] [B] [C] [D]	25 [A] [B] [C] [D]	35 [A] [B] [C] [D]
6 [A] [B] [C] [D]	16 [A] [B] [C] [D]	26 [A] [B] [C] [D]	36 [A] [B] [C] [D]
7 [A] [B] [C] [D]	17 [A] [B] [C] [D]	27 [A] [B] [C] [D]	37 [A] [B] [C] [D]
8 [A] [B] [C] [D]	18 [A] [B] [C] [D]	28 [A] [B] [C] [D]	38 [A] [B] [C] [D]
9 [A] [B] [C] [D]	19 [A] [B] [C] [D]	29 [A] [B] [C] [D]	39 [A] [B] [C] [D]
10 [A] [B] [C] [D]	20 [A] [B] [C] [D]	30 [A] [B] [C] [D]	40 [A] [B] [C] [D]

PREGUNTAS DE RESERVAS

41 [A] [B] [C] [D]
42 [A] [B] [C] [D]
43 [A] [B] [C] [D]
44 [A] [B] [C] [D]
45 [A] [B] [C] [D]